

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 01-08-2025, ditou a resolución con número 2188/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe de agarda de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de prazas de Graduado/a Enfermería UCA.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 2001/2025, do 14/07/2025, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de prazas de Graduado/a Enfermería UCA (Unidade de Condutas Aditivas).

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 133 do 15/07/2025.

Segundo.- Finalizado o proceso selectivo, en sesión celebrada o 28/07/2025, o órgano selectivo na súa acta final propón ás seguintes persoas aspirantes para a conformación da **listaxe de agarda** de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de prazas de **Graduado/a Enfermería UCA**:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Oposición
1	PATÍÑO DIAZ	CLAUDIA	***3730**	10,00

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a creación dunha **listaxe de agarda** para a cobertura temporal de prazas de **Graduado/a Enfermería UCA** (Grupo II), como **persoal laboral temporal**, nos supostos regulados no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta final e de conformidade ao indicado na Base Duodécima da convocatoria.

Listaxe de agarda de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de prazas de Graduado/a Enfermería UCA (Grupo II) do Concello de Carballo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	PATÍÑO DIAZ	CLAUDIA	***3730**

Segundo.- Esta listaxe de agarda de persoal laboral temporal terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

Terceiro.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal laboral temporal será segundo ao indicado na Instrución vixente, no momento do chamamento da persoa aspirante, sobre o procedemento de

creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal do Concello de Carballo.

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Primeira Tenente de Alcalde (P.D. Decreto 2084/2025)

María Belén Lendoiro Esmorís

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales